

Poesía: entre o individualismo e o estancamento

Helena González Fernández

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2011 [1994]). “Poesía: entre o individualismo e o estancamento”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1993, 213-217. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1420>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (1994). “Poesía: entre o individualismo e o estancamento”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1993, 213-217.

* Edición dispoñíbel desde o 14 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Poesía: entre o individualismo e o estancamento

Helena González Fernández

Se hai dúas características que dominan ó facer o balance da produción poética aparecida este ano nas librerías son o continuismo e o estancamento, o cal, dada a brevidade do período que nos ocupa e a falta de distanciamento temporal á hora de facermos esta panorámica de urxencia, parece ser o máis natural, se non fora porque hai moitas voces que insisten teimosamente en reutilizar o dialecto poético establecido, que está demasiado gastado, soa a repetido e, xa que logo, o receptor percibe como un ruído que desmellora o texto. Os únicos —poucos— libros que non naceron froitos apalambrados xorden de dous ánimos dispares: a deserción sen estridencias dalgúns dos lugares comúns da poesía recente (Gonzalo Navaza, Ricardo Martínez-Conde, Domingo Tabuyo e Rafael Lema) e mais a madurez individual dalgúns voces xa coñecidas (Manuel Forcadela, Manuel María, Xulio L. Valcárcel).

Semella que non hai lugar para os poetas radicais, nin sequera para aqueles que en anos pasados pretendían, con certa timidez, provocar unha convulsión dentro do espacio literario delimitado polos poetas inmediatamente anteriores, os da chamada xeración dos oitenta. Quizais tampouco son necesarios nun momento no que é difícil atopar capelas dentro do xénero contra as que poder rebelarse. Por iso, se hai unha tendencia verdadeiramente triunfante na poesía destes últimos anos é a da diversidade, a da pluralidade de voces, aínda que adoito todas elas dean en ser novas variacións dun limitado abano temático. A poesía dos noventa (empregamos provisionalmente este termo por ser o máis funcional) vai indo cara a consolidación das voces individualizadas que elaboran discursos poéticos propios. Así o demostran os poemarios máis brillantes do ano, tanto os escritos por autores novos coma os daqueles outros poetas que xa coñecen a palabra impresa.

Esta diversidade de voces que atopamos na andaina do 93 vese reflectida tamén nos premios e accésits, como ocorreu co sempre esperado Premio Esquío e co importante Premio González Garcés. Os premios, malia constituíren sempre unha causa inevitable de discusión, seguen a ser os que máis turrán polos editores para arriscar na publicación, condenada ó eco limitado, dos libros de poemas (vexamos senón as aportacións feitas este ano polas coleccións Dombate e Esquío e maila publicación dos González Garcés pola Deputación da Coruña). Sen embargo, como se pode comprobar pola experiencia deste ano, son os premios os que nos ofrecen algúns dos poemarios máis sólidos publicados en 1993: *Memoria de agosto* de Xulio Valcárcel, *Manual de urxencias* de Domingo Tabuyo (premio e accésit respectivamente do Premio Miguel González Garcés, publicados pola Deputación da Coruña), *Cemiterio de gaivotas* de Rafael Lema (co que obtivo o I Premio de Poesía Espiral Maior), *Ritos de auga* de Xosé Manuel Vélez (gañador da segunda convocatoria do Martín Codax, publicado por Galaxia) e *Fuxidíos* (accésit do XII Premio Esquío). Por suposto, este achegamento ó mundo editorial non quedaría completo se este ano non fixeramos outra vez mención á liña seguida por Espiral Maior, que segue a ser o buque insignia do xénero entre as editoriais galegas, pois non só consegue aparecer periodicamente nas nosas librerías cos seus coidados libros, senón que ampliou a súa estratexia editorial. Sen renunciar a gañar para esta colección voces consolidadas como Manuel María ou Salvador García-Bodaño, nin ó risco de apostar por poetas e/ou poemarios novos (non en van instituíu un premio co seu nome, Espiral Maior), esta colección está empeñada agora na recuperación da memoria poética común con antoloxías, obras completas, traducións e mesmo reedicións de coleccións que marcaron un fito no discurso literario galego recente, como o caso da colección “Val de Lemos”, que xa saíu este ano, e da anunciada reedición da colección “Brais Pinto”.

Mais, deixemos á marxe valoracións de carácter cualitativo, que debuxan un panorama moi pouco interesante, e acheguémonos ós poemarios aparecidos este ano desde a análise dalgúns dos trazos característicos do conxunto da produción. Desde o noso punto de vista cómpre sinalar catro: mantemento da estratexia da obxectivización, ou sexa, do afastamento voluntario entre texto e autor; eliminación das fronteiras entre os xéneros, especialmente coa narrativa, da que se toman estruturas e recursos; triunfo da voz poética concebida desde a ironía, converténdose nunha das marcas máis empregadas para mostrar a transgresión xenérica e mailo estrañamento entre o autor e o texto; pouca experimentación formal, con predominio do verso branco e da procura do ritmo, malia algúns intentos pouco relevantes de recuperar o soneto (como fan Fiz Vergara Vilariño en *Pastora de sorrisos*, publicado por Sons Galiza, e García-Bodaño en *Poemas de amor a Xulia*, en Espiral Maior). Todos estes factores vanse combinando de diferente xeito en cada caso, polo que os poemarios conforman unha especie de rede de tendencias diversas na que cada libro é un nó que resulta de diferentes combinacións, elixidas libremente polo autor.

A obxectivización é un recurso frecuente, tanto entre os que escollen a vía do culturalismo máis clasicista, aínda que só sexa aparentemente (*Profecía* de Manuel Forcadela, publicado por Sons Galiza, e *Ritos de auga* de Xosé Manuel Vélez), a da épica (*Abandono da noite* de Manuel Xosé Neira, na colección “Esquío”, *Arianrod* de Xabier Cordal, en Bahía...) ou a da apropiación de elementos externos da realidade cotiá (*Manual de urxencias e retornos*, de Domingo Tabuyo).

Nos libros que encadramos baixo a denominación de *épicos*, quer dicir, aqueles que recrean certos elementos míticos ou épicos para contribuír á construc-

ción da identidade galega, atopamos tamén unha grande dose de *culturalismo*, de recuperación de tradicións diversas, pois a fronteira é demasiado lene e ámbolos dous factores contribúen en maior ou en menor medida a unha arquitectura común. Se cadra, máis que de *recuperación*, sería preciso falar de distintas *reapropiacións* das tradicións literarias e culturais elixidas, elaboradas desde unha lectura persoal, e xa que logo mediatizada, non obxectiva e funcional, pois teñen que estar ó servizo da ideoloxía e da estética do poeta. Trátase dunha liña moi seguida polos novos poetas e ratificada, no caso de *Abandono da noite*, polo importante premio Esquíu, de indubidables garantías *avant la lettre*. Manuel Xosé Neira estréase na nosa poesía cunha épica do miúdo, das certezas atemporais, máis centrada no home ca no destino dunha nación e articulada desde unha actitude máis lírica. Mentres que Cordal aposta pola recuperación de tradicións variadas, nomeadamente a atlantista e a artúrica, para construír unha épica nacional, grandilocuente en exceso. En ningún dos dous casos demos cuns resultados de feitura sólida, pois da súa proposta xorden ambiciosos e interesantes proxectos inzados de símbolos e referencias míticas que non acaban de callar en poemas “con alma”. De feito, só Xosé Manuel Vélez e Manuel Forcadela conseguen desde estes presupostos elaborar textos de interese.

Vélez argallou o seu primeiro libro coma un palimpsesto do universo culturalista por excelencia, o greco-latino, ó que lle engade pousos doutras tradicións culturais, incluída a galega, ben distanciadas nas localizacións temporal e espacial. Trátase dun palimpsesto persoal, rigorosamente interiorizado e alonxado dos falsos europeos de calquera clasicismo. Vélez conseguiu construír un poemario con sabor a novo empregando unha receita que xa fora experimentada por outros: a unión de metaliteratura e lirismo. Tal como indica o título hai un motivo que actúa como elo de unión entre os poemas do libro, entre os distintos “ritos”, a auga, presentada baixo calquera das formas coas que a natureza nola manifesta (iceberg, río, mar). Curiosamente, e desde presupostos estéticos ben diferentes, ese é tamén o motivo central de dous poemarios publicados este ano, *Do olvido o río* de Cesáreo Sánchez Iglesias (colección “Esquíu”), co que, en opinión da prologuista, Pilar Pallarés, pecha a súa triloxía da auga, e o poemario de liña intimista *Fuxidíos* de Eva Veiga (na mesma colección).

Manuel Forcadela, pola súa banda, con *Profecía*, alónxase definitivamente dos seus primeiros textos, articulados conforme a unha estética veneciana, para reflexionar desde un distanciamento irónico sobre a figura do poeta. O eu poético ocúltase trala aparencia do bardo, unha figura ben coñecida por Forcadela, pois ten dedicado moito do seu tempo ó estudio de Pondal. Trátase dunha viaxe iniciática (de novo o vello procedemento que segue a dar froitos brillantes, coma este) na que o eu lírico procura os sinais diferenciadores do poeta, condenado, como figura a perder o protagonismo ó que estaba afeito. A ironía é unha constante en tódolos aspectos do libro: no distanciamento con que se empregan as pegadas culturalistas, na concepción do eu poético, no desenvolvemento das distintas etapas da viaxe...

Mais, dentro desta xeira culturalista, cómpre salientar un poemario disidente ó que quizais lle cadra mellor a etiqueta de *cultural*, tal como suxire Vicente Araguas. Falamos de *A primavera de Venus* de Manuel María (Espiral Maior). Nel atopamos unha voz poética empeñada en recrear dous cadros clásicos do renacemento, *A primavera* e *O nacemento de Venus* de Boticcelli. Fronte á obxectividade e o afastamento Manuel María empéñase no diálogo coas figuras retratadas nos

cadros desde a súa dobre condición de humanos (as persoas que serviron como modelos) e personaxes mitolóxicos (Venus, Cloris, Talía...). O resultado é un canto á primavera feita por un autor, expresamente outonizo na súa obra anterior, que non renuncia a facer parte do texto, a mergullarse nel e, xa que logo, a empregar a primeira persoa testemuñal, ben diferente do eu poético irónico que domina o panorama poético actual. Sen embargo, esta implicación do autor no texto, contraria á moda, resulta sincera, próxima e moi coherente coa súa traxectoria poética.

Como xa se sinalou na panorámica de 1992, a narratividade segue a ser unha aposta estética que cómpre ter en conta, e que pode aínda dar froitos gorentosos. Así, Rafael Lema concibe *Cementerio de gaiivotas* (Espiral Maior) coma un diario de abordo. Trátase dun recurso xa coñecido no noso discurso poético, pero que, a diferenza de Manuel Antonio, pretende ser unha experiencia ecléctica que incorpora asemade pegadas culturalistas, trazos épicos e recursos formais especificamente narrativos. Pola súa banda, *Areas do fondo*, de Xesús Valcárcel (Castro), significa un colofón de fasquía máis lírica á narración marabillosa posta en verso do seu libro anterior, *A porta do lume* (colección "Esquíu", 1992). *Profecía* ou *Manual de urxencias e retornos* apostan por uns poemarios perfectamente estruturados en pequenas unidades (cada un dos poemas) que semellan capítulos dunha narración en progresión.

Como consecuencia destes desvíos da "norma" poética, a narratividade, que implica un estrañamento do xénero, da poesía tal como tradicionalmente se entende, e a obxectivización, como afastamento entre o autor e o texto, aparece a ironía como unha constante na actitude da voz poética. Por iso, o uso da primeira persoa convértese nun recurso privilexiado, nun disfraz, paradoxalmente moi axeitado, empregado para lle transmitir ó lector a impresión de que tódolos textos presentados son produto da ficción. Os casos máis rechamantes son os poemarios de Tabuyo e Forcadela, aínda que as súas propostas estéticas sexan tan diferentes.

O distanciamento e a ironía constitúen o cerne deste primeiro libro de Domingo Tabuyo, *Manual de urxencias e retornos*, co que podemos comezar a falar dunha liña poética que prolonga a aposta polo cotiá e pola narratividade que xa na xeira de 1993 sinaláramos ó falar de *Persianas, pedramol e outros nervios*, de Francisco Alonso. Sen embargo, neste caso Tabuyo prefire dotar ó fio narrativo que o goberna dunha maior transparencia, o que implica un certo abandono da estética da fragmentariedade, e xa que logo, permitindo que os textos sexan máis permeables ás pegadas características do xénero literario dominante, a narrativa. Esta concepción do poema non mingua en absoluto o interese do autor en termar ben do ritmo, e que constitúe, xunto coa narratividade e os motivos da vida cotiá, o soporte expresivo máis importante do libro.

Poucos son os autores que se substraen a esa norma e concentran na primeira persoa a tensión lírica e maila procura da sinceridade: Fiz Vergara Vilariño, García-Bodaño, Manuel María... e mesmo Xulio L. Valcárcel, quen consolidou con brillantez unha liña individual e madura nos seus dous poemarios publicados este ano, o enganosamente sinxelo *O sol entre os dedos* (Castro) e mailo espléndido *Memoria de agosto* (Deputación da Coruña), co que gañou o Premio Miguel González Garcés 1993.

A experimentación formal veunos da man de dous poetas. Por unha banda, Gonzalo Navaza, co seu magnífico poemario *A torre da derrota*, no que consegue casar a arquitectura lúdica do palíndromo (un xogo requintado, un artificio) coa

esencialidade poética a través do símbolo —do convencional, do cabalístico ou do tarot—, da palabra xusta e da concisión. Daquela, o lector intégrase ó tempo no plano formal e conceptual da materia poética, empregando unha expresión rechamante, divertida e non exenta dun certo distanciamento entre o autor e o texto, e no plano do contido, na procura da beleza, do lirismo ou da verdade. Pola súa banda, Ricardo Martínez-Conde en *Orballo nas camelias* consegue acomodar o sincretismo e a esencialidade que caracterizan o haikú xaponés ó noso discurso literario e á nosa paisaxe para conseguir, coma Basho, poemas de carácter universal. Así, mentres Navaza emprega a expresión como reclamo, Ricardo Martínez-Conde prefere virar as tornas poñendo a brevidade, a sinxeleza e a condensación da forma elixida ó servicio do discurso.

Aínda que atopamos trazos de subversión nos poemarios épicos, especialmente no interesante poemario de Manuel Forcadela, o único libro que naceu xa cunha vocación expresa voluntariamente subversiva é *Despertar das amantes*, co que María Xosé Queizán non fai máis que continuar o camiño andando no seu poemario anterior, *Metáfora da metáfora*. Tenta demostrar a necesidade da reapropiación da materia poética construída á medida dun só sexo, o home, para reconstruíla logo desde novos paradigmas, os femininos, e que se resume nun verso de feitura sen chata: “non son perfume; son carne perfumada”. Sen embargo, e aínda que a arquitectura do poemario está perfectamente argallada para sustentar en todo momento a tese defendida pola autora, falta unha verdadeira disposición poética e dominio da esencia, da plurisignificatividade, da condensación e do ritmo.

Á vista de todo o aparecido nas librerías ó longo do ano, podemos falar de tres actitudes básicas diante da experiencia poética. Esta tentativa non deixa de ser un intento de achegamento á diversidade pois nada está máis lonxe do noso ánimo que forzar escolas, colleitas ou grupos que non existen. Ó noso ver hai tres actitudes dominantes diante da palabra poética: a *intimista* (Eva Veiga, Fiz Vergara, Xulio L. Valcárcel, Manuel María, García-Bodaño...), a *épica* (Cordal e Neira) e a *metapoética*, argallada desde a metaliteratura (Vélez, Manuel María), a experimentación coa forma (Navaza e Martínez-Conde) ou a reflexión sobre a materia poética (Forcadela e Queizán).